



2019 ANO INTERNACIONAL DO SISTEMA PERIÓDICO

O ano 2019 foi declarado Ano Internacional do Sistema Periódico polas Nacións Unidas, para conmemorar os 150 anos da publicación por Dimitri Mendeleev da súa táboa periódica dos elementos químicos. Dende a Facultade de Ciencias propónse unha actividade para sumarse a esta celebración: un concurso de vídeos co título “O meu elemento”, dirixido tanto á comunidade universitaria como ao alumnado da ESO e de 1º e 2º de bacharelato de Galicia.

O obxectivo do concurso, promovido pola Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Ciencias e o Grupo de Innovación Docente (GID) *CienciaNOSA*, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da USC, é atraer o interese do alumnado sobre este acontecemento e a actividade científica en xeral, así como poñer de manifesto a naturalidade da expresión dos contidos científicos en lingua galega.

## BASES DO CONCURSO

1. Poderán participar neste concurso:

Categoría A: Alumnado da ESO e de 1º e 2º de bacharelato dos centros de educación secundaria e CPI de Galicia, en grupos cun máximo de tres estudantes coordinados por un docente.

Categoría B: Membros da comunidade universitaria do Sistema Universitario Galego (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña), de maneira individual ou en grupos de, como máximo, tres integrantes.

2. Cada participante ou grupo participante preparará un vídeo sobre un elemento químico. O enfoque, no tratamento dese elemento, é libre. A lingua empregada será o galego, tanto oralmente (locucións, diálogos...) como por escrito (elementos gráficos, subtítulos, etc.).

3. A duración dos vídeos non será en ningún caso inferior a 30 segundos nin superior a 90.

4. Os traballos presentados deben ser inéditos e orixinais.
5. Na valoración dos vídeos terase en conta a calidade técnica (imaxe e son), a corrección lingüística, a orixinalidade do vídeo e a corrección nos conceptos científicos.
6. Os vídeos confeccionados deberán subirse a unha canle de YouTube. A publicación das pezas farase baixo licenzas Creative Commons que obriguen a especificar a autoría e eviten obras derivadas e finalidades comerciais.
7. Os proxectos realizados poderán presentarse ata o 23 de abril de 2019, inclusive, ao enderezo electrónico <fcdeca@usc.es> ou ao enderezo físico:

Presidente da CNL da Facultade de Ciencias  
Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, Campus Terra  
27002 Lugo

Na presentación debe recollerse:

- a) a categoría na que se participa
  - b) título do traballo
  - c) a ligazón válida ao vídeo en YouTube
  - d) datos persoais de cada participante (incluído o docente coordinador): nome e apelidos, NIF, enderezos postal e electrónico
  - e) teléfono de contacto
8. Os premios do concurso “O meu elemento” repartiranse en dúas categorías:
    - a) Categoría A: Bacharelato e ESO  
Outorgarase un primeiro premio de 300 euros, un segundo premio de 150 euros e un terceiro premio de 100 euros.
    - b) Categoría B: Universidade  
Outorgarase un primeiro premio de 500 euros, un segundo premio de 200 euros e un terceiro premio de 100 euros.
  9. O xurado encargado da concesión destes premios estará integrado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias, un membro da Xunta Directiva de ENCIGA e un representante do Servizo de Normalización Lingüística da USC.
  10. Os vídeos gañadores anunciaranse nas páxinas web da Facultade de Ciencias ([www.usc.gal/ciencias](http://www.usc.gal/ciencias)), do GID CienciaNOSA ([ciencianosa.blogspot.com/](http://ciencianosa.blogspot.com/)) e do Servizo de Normalización Lingüística da USC ([www.usc.gal/snl](http://www.usc.gal/snl)). Ás persoas gañadoras comunicaráselles persoalmente por algún dos medios sinalados na presentación. Os



FACULTADE DE CIENCIAS



premios entregaranse nun acto público organizado pola Facultade de Ciencias o 15 de maio de 2019.

11. A Universidade de Santiago de Compostela resérvase o dereito de empregar os vídeos participantes para a súa exposición pública en labores de divulgación, normalización ou de difusión do propio concurso.
12. Os/as participantes autorizarán á Facultade de Ciencias, ao GID CienciaNOSA e ao Servizo de Normalización Lingüística a faceren públicos os traballos presentados a través das súas páxinas web, redes sociais e calquera outro medio que estimen oportuno.
13. A organización poderá levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, o que comunicará nos taboleiros da Facultade de Ciencias e no web do SNL.
14. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.